



LISTA DE ASISTENTES

Barral Puga, Bastián
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cidrás Pidre, José
 Corbacho Rosas, Eusebio
 Corbacho Suso, Patricia
 Costas González, Xosé Enrique
 Docampo Amoedo, Domingo
 Estévez Toranzo, Margarita
 Filgueira Pérez, Ángeles
 Gago Rodríguez, Alberto
 García Vázquez, José Manuel
 Gil Villanueva, José M^a
 González Novas, Roberto
 Gutiérrez Nieto, Manuel
 Iglesias Galán, M^a Hilda
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Marti Pellón, Daniel
 Martínez Cobas, Xavier
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Pita Grandal, Ana M^a
 Pousada Carballo José M^a
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Suárez Creo, Juan
 Surís Regueiro, Juan
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez López, Ezequiel M.
 Vázquez Vázquez, Amador
 Vidal Gallego, M^a Teresa Del Rosario
 Viso Alonso, Augusto
 DESCULPA ASISTENCIA
 Gueimonde Canto, Ana Isabel

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de oito de outubro de dous mil tres, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O mércores, día 8 de outubro de 2003, ás 10:20 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 22 de xullo 2003.
2. Informe do Rector.
3. Aprobación, se procede, do texto da Disposición Transitoria Terceira do proxecto de Estatutos aprobados polo Claustro na súa sesión do 9 e 10 de abril de 2003.
4. Solicitude de comisión de servicio.
5. Debate e toma de acordo, se procede, sobre a aplicación do artigo 3 da Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo.
6. Toma de acordo sobre o recurso de alzada presentado por Don Miguel Martínez López contra o acordo de aprobación do P.O.D. da área de Socioloxía no Consello de Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.
7. Resolución dos recursos de alzada presentados por D^a Monsterrat Domínguez Amoedo, D^a Patricia Pérez Vázquez, D^a M^a del Pilar Álvarez Gómez e Don Jaime Eiriz Gómez (E.U. de Estudos Empresariais-Vigo) contra a non admisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.
8. Aprobación, se procede, do Máster en Emigración e Retorno. Integración socio-laboral.
9. Aprobación, se procede, da Normativa de uso de instalacións deportivas da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, da proposta de modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servicios.
11. Aprobación, se procede, do acordo marco de cooperación entre a Universidade Estadual de Campinas (Brasil) e a Universidade de Vigo e do Convenio de colaboración entre as Universidades de Girona, Lleida, Málaga, Valladolid, Vigo, Zaragoza, Jaime I, Politécnica de Cartagena, Politécnica de Valencia e Rovira i Virgili, para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en “Tecnoloxías de climatización e eficiencia enerxética en edificios” .
12. Elección de representantes no Consello Social: 1 estudante.
13. Rogos e preguntas

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 22 de xullo 2003.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do Rector.

O Rector informa do seguinte:

- Da aprobación , no Claustro do día 1 de outubro, do texto dos Estatutos no que están incluídas as propostas de mellora, legalidade e técnica, despois de ser sometidos a control de legalidade pola Xunta de Galicia.

-Do paso pola Comisión Académica do Consello de Coordinación Universitaria dos Decretos de grao e posgrao (é de esperar que estean publicados antes de Navidad), e do comezo do debate sobre as directrices xerais das novas titulacións.

- Da ubicación, a partir de este mes, dos servicios centrais no edificio do Rectorado I.

- Da baixa como membros do Consello de Goberno de Don Alberto Pena Rodriguez e Don Ángel Sánchez Bermúdez por cesar como Decano da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e como Director do Departamento de Enxeñería Química respectivamente. Na seguinte sesión do Claustro farase a elección para cubrir os postos vacantes.

Punto 3. Aprobación, se procede, do texto da Disposición Transitoria Terceira do proxecto de Estatutos aprobados polo Claustro na súa sesión do 9 e 10 de abril de 2003.

O Rector informa que dentro das modificacións asumidas polo Claustro para que os Estatutos pasen o control de legalidade están implicados artigos que fan referencia ao profesorado contratado así como a supresión da Disposición Transitoria Terceira, polo que propón someter a aprobación por parte do Consello de Goberno do texto da devandita Transitoria para que unha vez aprobado xurda efectos onde proceda, como por exemplo no Regulamento de Profesorado.

Intervén o profesor Santamaría en nome de FETE/UXT para indicar que as figuras de profesorado propio (PP1 e PP2) son legais de acordo cos Estatutos aínda en vigor en virtude dunha sentenza do Tribunal Superior, por este motivo entende que se debería manter unha posición mais ambiciosa e conservar estas figuras (que foron conseguidas con a LRU) dentro da LOU.

O Rector di que ese tema debería haberse discutido no Claustro que foi onde se aprobaron os Estatutos e que a este Consello de Goberno soamente se trae o texto da transitoria.

O profesor Legido di que hai unha serie de profesores que pasaron no seu día a Titulares interinos polo que dalgún xeito habería que ter en conta a este colectivo.

O Rector di que está claro que non poden estar en peor posición de partida que aqueles que optaron por un contrato de PP2 pero que o que se debate neste punto e o texto da transitoria e

noutro momento haberá que traer a Consello de Goberno algún acordo relativo a eses profesores.

Sométese o punto a votación:

- votos a favor da aprobación do texto de Disposición Transitoria Terceiro	26
- votos en contra	0
- abstencións	3

Queda aprobado o texto da Disposición Transitoria Terceira que figura como anexo I.

Punto 4. Solicitud de comisión de servicio.

A Vicerrectora informa que o profesor Teijón superou un concurso de cadeira de universidade na Área de Bioquímica tomando posesión de dita praza en maio de 2003 e a continuación lle foi concedida unha comisión de servicios para rematar o curso na Universidade Complutense de Madrid. Recentemente chegou unha solicitude de prórroga de dita comisión de servicios para o curso académico 2003-2004, tendo o informe da COAP desfavorable porque non se cumpre o establecido no Regulamento de Profesorado.

O Rector informa que con posterioridade a reunión da COAP chegou unha nova solicitude do profesor Teijón de prórroga de comisión de servicios soamente ata finais de decembro para rematar algunhas cuestións que estaba levando, e dicir que se trataría dunha situación excepcional que pon en coñecemento dos membros do Consello de Goberno. Indica que está claro que a comisión de servicios polo curso académico non se pode conceder pero que si o Consello de Goberno se manifesta a favor da prórroga ata finais de decembro, consultaría cos servicios xurídicos e de persoal si isto é factible. Así mesmo informa que este profesor ten a docencia na Universidade de Vigo concentrada no segundo cuadrimestre.

O profesor Corbacho indica se para estas situacións non sería mais doado a solicitude dun permiso.

O Rector di que entón perdería a condición de profesor da Universidade Complutense.

A profesora Pita di que é partidaria de que unha persoa que opta a unha promoción académica nesta universidade debe incorporarse na mesma, no entanto e dado que a súa docencia está no segundo cuadrimestre, non se opondría a que a incorporación do devandito profesor tivese lugar o 1 de xaneiro en lugar do 1 de outubro de 2003.

Ningún membro do Consello se manifesta en contra polo que o Rector consultará os servicios para ver si se pode estender a prórroga da comisión ata finais de decembro como máximo.

Punto 5. Debate e toma de acordo, se procede, sobre a aplicación do artigo 3 da Normativa de Permanencia na Universidade de Vigo.

O Rector informa que aínda que nestes momentos a Normativa de Permanencia está en proceso de revisión, o artigo 3 e moi estricto e afecta no proceso da matrícula para o curso 2003-2004. Non se dispón dos datos exactos de cantos alumnos estarían afectados por este

artigo pero quizás poderíamos estar cometendo un erro, polo que propón a suspensión temporal deste artigo ata que se remate a análise dos efectos da Normativa e se vexa se é necesario revisala ou non. Este acordo habería que levalo ao Consello Social que é o que ten que aprobalo xa que o Consello de Goberno soamente pode elevar a proposta.

A Sra. Corbacho lembra que no momento que se elaborou a normativa os alumnos xa non estaban de acordo con este artigo pero non se lles fixo caso. Parécelle ben que se propoña suspendelo pero lle parece inxusto que a un alumno este ano non lle afecte pero que a outro alumno o ano que ben si lle afecte e teña que irse.

O Rector di que a proposta de suspensión temporal non especifica o límite no tempo.

Apróbase por asentimento a proposta de suspensión temporal do artigo 3 da Normativa de Permanencia para elevala ao Consello Social.

Punto 6. Toma de acordo sobre o recurso de alzada presentado por Don Miguel Martínez López contra o acordo de aprobación do P.O.D. da área de Socioloxía no Consello de Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que a área de Socioloxía tivo unha baixa de docencia polo que o Departamento propuxo a non renovación dun profesor asociado utilizando o criterio de campus por enriba do criterio de antigüidade na Universidade de Vigo. A COAP estima que están claros os criterios utilizados pola área de Socioloxía no Consello de Departamento para chegar a esta proposta.

O Rector lembra que fai un ano xa houbo recursos deste tipo e o que se pedía era que estivesen claros os criterios utilizados polo Consello de Departamento.

Intervén o profesor Martínez López para indicar que a decisión do Consello de Departamento de adoptar o criterio de campus non está avalada polo regulamento de réxime interno do departamento nin por ningunha norma superior, considera que o criterio de campus e arbitrario e discrecional.

O profesor Bouzada, Director do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía, aclara que algunha información que figura no recurso non e exacta e fai unha exposición detallada do procedemento seguido no Consello para chegar á proposta final de non renovación de praza ocupada polo profesor Martínez López.

O profesor Martí Pellón lembra a suxerencia dita fai un ano a este Consello de Goberno de establecer algún criterio que poidan seguir os Departamentos nestes casos e que non se convirtn nunha batalla persoal.

O Rector di que en Consello de Goberno de fai un ano non se decidiu establecer uns criterios xerais, senón que os Departamentos motivasen debidamente as propostas de non renovación e que estiveran claros os criterios utilizados.

A Vicerrectora engade que falou deste tema con todos os Directores de Departamento e encontrou opinións moi dispares.

O profesor Membiela di que e membro da COAP e non viu a necesidade de establecer eses criterios.

O profesor Ramos di que o recurrente alega que a decisión vai en contra do Regulamento de réxime interno do departamento e pregunta si hai informe xurídico sobre ese tema.

O Rector da lectura do informe da asesoría xurídica no que se sinala que a decisión do Departamento está dentro da legalidade.

O profesor Martínez López insite en que o criterio adoptado foi totalmente arbitrario e considera que o informe da Asesoría Xurídica e ambigüo.

O profesor Santamaría fai unha intervención, como presidente da Xunta de PDI, que figura no anexo II.

O profesor Bouzada, explica o relacionado co perfil da praza en contestación á intervención dor profesor Santamaría o que a súa vez solicita conste en acta a resposta.

O Rector pídelles ao presidente da Xunta de PDI que faga a consulta no Departamento que é onde procede e non no Consello de goberno

Rematadas as intervencións, faise unha votación co seguinte resultado.

-votos a favor de rexeitar o recurso	19
-votos en contra do recurso	0
-abstencións	11

Punto 7. Resolución dos recursos de alzada presentados por D^a Monstserrat Domínguez Amoedo, D^a Patricia Pérez Vázquez, D^a M^a del Pilar Álvarez Gómez e Don Jaime Eiriz Gómez (E.U. de Estudos Empresariais-Vigo) contra a non administración a trámite da súa solicitude de avaliación curricular.

A Vicerrectora de Organización Académica e Profesorado informa que son estudantes da Escola Universitaria de Estudos Empresariais e que en tódolos casos cumpren os requisitos para a solicitude da avaliación curricular pero que non foron admitidas a trámite pola Comisión Permanente do Centro, polo que propón ao Consello de Goberno admitir a trámite as solicitudes independentemente de que a comisión específica do centro que realice despois a avaliación e as conceda ou non.

O profesor Sánchez Bello, director de E.U. de Estudos Empresariais, di que son acordos do Centro que se deberían respetar xa que obrou de acordo coa Normativa de Permanencia polo que desde o centro cumpriuse coa legalidade. Sinala que levamos mais dun ano esperando pola revisión da Normativa e que aínda non se fixo.

A Vicerrectora di que neste momento a Normativa está en proceso de revisión e dado que outros casos moi semellantes foron admitidos por este Consello de Goberno cre que non se debe facer distincións.

Despois dun breve debate no que interveñen os profesores Cidrás, Ramos, Membiela e García Vázquez , sométese o punto a votación:

-votos a favor de admitir a trámite as solicitudes	22
-votos en contra	1
-abstencións	5

Estímanse polo tanto os recursos presentados e admítense a trámite as solicitudes de avaliación curricular sinaladas.

Punto 8. Aprobación, se procede, do Máster en Emigración e Retorno. Integración socio-laboral.

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, da Normativa de uso de instalacións deportivas da Universidade de Vigo.

O Vicerrector de Extensión Universitaria e Estudiantes informa que se presenta esta Normativa polo aumento de instalación deportivas e co fin de que estas instalacións se usen prioritariamente pola Comunidade Universitaria pero coa intención de abrir tamén as portas a Comunidade en xeral.

A Sra. Filgueira pide que de momento se exclúa desta Normativa o Pavillón da Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra e que prime a atención á docencia.

O Vicerrector di que non hai problema en facer algunha excepción se é necesario, e que desde o servizo de Deportes sempre se tivo en conta que a docencia ten prioridade.

O profesor Sánchez Bello fai unha serie de preguntas sobre o horario de uso das instalacións en fins de semana, sobre prioridades de uso das instalacións e sobre a piscina que foron aclaradas polo Vicerrector.

Apróbase a Normativa por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da proposta de modificación puntual da RPT do persoal funcionario de administración e servizos.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, do acordo marco de cooperación entre a Universidade Estadual de Campinas (Brasil) e a Universidade de Vigo e do Convenio de colaboración entre as Universidades de Girona, Lleida, Málaga, Valladolid, Vigo, Zaragoza, Jaime I, Politécnica de Cartagena, Politécnica de Valencia e Rovira i Virgili, para a realización dun programa de doutoramento interuniversitario en “Tecnoloxías de climatización e eficiencia enerxética en edificios” .

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Elección de representantes no Consello Social: 1 estudante.

Non se presentaron candidaturas polo que a elección posponse para o próximo Consello de Goberno.

Punto 13. Rogos e preguntas

O profesor Ramos pregunta que servicios quedan no Rectorado da rúa Oporto e roga que se poñan de novo as sinais que desapareceron na circunvalación da ETS de Telecomunicación e así mesmo roga que se corte a maleza que hai na circunvalación.

Respecto á pregunta o Rector di que na rúa Oporto quedan Secretaría Xeral, Vicerrectorado de Organización Académica e profesorado e Vicerrectorado de Titulacións, Posgrao e Formación Permanente.

O Vicerrector de Planificación informa que se están revisando as senalizacións e que aínda que a carretera de circunvalación non é da universidade senón que é unha estrada municipal, estanse facendo as xestións oportunas para que se corte a maleza.

A Sra. Corbacho roga que se poña iluminación no exterior da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e pregunta pola desaparición do comedor da devandita Facultade.

Responde o Vicerrector de Planificación á primeira pregunta decindo que se está traballando nese tema. Respecto ao comedor di que para que estivera en condicións adecuadas sería necesario facer unha obra que costaría en torno aos vinte millóns de pesetas que non está presupostada, considera que hai comedores cerca e mesmo a un deles se pode ir baixo cuberta polo que a obra non se vai a facer. Recoñece que houbo un fallo de comunicación coa dirección do centro por ambas partes, xa se disculpou co equipo decanal e hoxe faino en público.

O profesor Sánchez Bello pregunta polos complementos da Xunta para os profesores.

O Rector di que aínda que oficialmente a universidade non sabe nada dese tema, espera que a fin de ano este resolto.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:30 horas do día 8 de outubro de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfé